



Estimados/as pais/nais:

Diríxome a vostedes ao comezo deste novo curso para saudalos e lembrarilles algúns aspectos do funcionamento xeral do centro.

Calendario escolar

As actividades lectivas comezan o **11 de setembro** de 2024 e rematan o **20 de xuño** de 2025 (Orde do 12 de abril de 2024).

Hai tres períodos de **vacacións**:

- **Nadal**: desde o día **23 de decembro** de 2024 ata o **7 de xaneiro** de 2025, ámbolos dous inclusive.
- **Entroido**: os días **3, 4 e 5 de marzo** de **2025**.
- **Semana Santa**: do **14 ao 21 de abril** de **2025**, ámbolos dous inclusive.

Son **días non lectivos a efectos académicos** por determinación do calendario oficial escolar:

- O **31 de outubro** (día do ensino)
- O **1 de novembro** (día de todos os santos)
- O **6 de decembro** (día da Constitución)
- O **1 de maio** (día do traballo)

Aínda quedan por confirmar **dúas datas** máis, á espera de ser aprobadas pola Dirección Territorial de Educación.

Horario

As clases comezan ás **8:45 h** e rematan ás **14:15 h**. Son seis sesións de 50 minutos cada unha, agás os **luns** que temos xornada lectiva tamén **pola tarde**, das **16:30 h ás 18:10 h**. O recreo será das **11:15 h a 11:45 h**.

É imprescindible asistir a todas as clases con puntualidade.



Avaliacións da ESO

Realizaranse tres avaliacións de acordo cos tres trimestres do curso. A entrega de notas realizarase por **abalarMóbil** ao finalizar as avaliacións. Na avaliación ordinaria entregarase o boletín tamén en papel. Estas datas poderán sufrir modificacións se a Consellería cambia a normativa.

- A primeira, os días **17 e 18 de decembro**.
- A segunda, os días **25 e 26 de marzo**.
- **A avaliación final ordinaria, o 23 de xuño.**

Avaliacións de 1º Bacharelato

Realizaranse tres avaliacións de acordo cos tres trimestres do curso. Temos marcadas datas diferentes para este nivel co fin de repartir mellor o tempo do que dispoñen. A entrega de notas realizarase por **abalarMóbil** ao finalizar as avaliacións. Nas avaliacións ordinaria e extraordinaria entregarase o boletín tamén en papel.

- A primeira, os días **2 e 3 de decembro**.
- A segunda, os días **17 e 18 de marzo**.
- **A avaliación final ordinaria, o 9 e 10 de xuño.**
- **Avaliación extraordinaria: 23 de xuño.**

Avaliacións de 2º Bacharelato

Temos marcadas datas diferentes para este nivel co fin de repartir mellor o tempo do que dispoñen, adaptado ás probas de acceso á Universidade. A entrega de notas realizarase por **abalarMóbil** ao finalizar as avaliacións. Nas avaliacións ordinaria e extraordinaria entregarase o boletín tamén en papel:

- **1ª aval: 25 e 26 de novembro.**
- **2ª aval: 24 e 25 de febreiro.**
- **Avaliación final ordinaria:** mediados de maio (**probablemente, o 15 ou o 16**), pendente das datas das PAU.
- **Avaliación extraordinaria:** mediados de xuño (**12 de xuño**), pendente das datas de PAU.



Titorías

Aconsellamos ter unha relación regular co titor/a para seguir a marcha académica e o comportamento do seu fillo/a ao longo do curso. Os titores/as son a canle natural de relación dos pais/nais co centro, e polo seu medio ten lugar a colaboración da familia co equipo de profesores/as para a mellor educación e aproveitamento escolar do alumno/a. **É imprescindible ter a aplicación abalarMóbil** para estar en contacto co titor/a e recibir todos os avisos que este vaia publicando. Este, ademais, será o medio adecuado para a xustificación de faltas e a petición de cita de titoría.

Ademais, cada titor/a contará cunha conta de correo específica para a súa titoría mediante a cal poderán poñerse en contacto con el para calquera aviso ou eventualidade. A conta de titoría terá o seguinte formato:

- Para a ESO: `titoria.eso/bac.(grupo).ies.adormideras@edu.xunta.gal`
- Para o BAC: `titoria.bac.(grupo).ies.adormideras@edu.xunta.gal`

Por exemplo, para unha alumna/o que pertenza ao grupo 1ºESO A, a conta sería: `titoria.eso.1a.ies.adormideras@edu.xunta.gal`.

Para unha/un alumna/o que pertenza ao grupo 1ºBAC A, a conta sería: `titoria.bac.1a.ies.adormideras@edu.xunta.gal`.

Faltas de asistencia na ESO

- Na aplicación **abalarMóbil** recibirán as comunicacións de inmediato.
- O alumno/a debe **xustificar a súa ausencia nos dous días lectivos seguintes** á súa reincorporación ao centro.
- **A asistencia ás consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves da alumna/o** xustificaranse mediante escrito asinado pola nai, pai ou persoa titora ou gardadora legal; non é necesario achegar xustificante médico. No caso de que o centro considere que a falta de asistencia por este motivo no está suficientemente xustificada por producirse de forma recorrente e continuada no tempo, excedendo dos 4 días ao mes, o centro poderá solicitar unha xustificación complementaria.
- Se o alumno/a acumula máis dun **dez por cento do horario lectivo mensual** de faltas sen xustificar, abriráselle un expediente de absentismo e, chegado o caso, informarase aos servizos sociais.
- Tres retrasos equivalen a unha falta de asistencia.



- A consideración de faltas de asistencia como xustificadas ou non, **compete exclusivamente ao profesor titor**, independentemente da xustificación documental ou familiar que teña aportado o alumno.

Faltas de asistencia no Bacharelato

- O alumno/a debe **xustificar a súa ausencia nos dous días lectivos seguintes** á súa reincorporación ao centro.
- **A asistencia ás consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves da alumna/o** xustificaranse mediante escrito asinado pola nai, pai ou persoa titora ou gardadora legal; non é necesario achegar xustificante médico. No caso de que o centro considere que a falta de asistencia por este motivo no está suficientemente xustificada por producirse de forma recorrente e continuada no tempo, excedendo dos 4 días ao mes, o centro poderá solicitar unha xustificación complementaria.
- No caso do alumnado de Bacharelato que supere o **quince por cento de faltas de asistencia sen xustificar**, serán suspendidos do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de dúas semanas, sen prexuízo de que sexan aplicadas outras correccións.
- A consideración de faltas de asistencia como xustificadas ou non **compete exclusivamente ao titor/a**, independentemente da xustificación documental ou familiar que teña aportado o alumno.

Tanto na ESO como no bacharelato, no caso de ausencia dun profesor a 1º hora da mañá ou da tarde, permitírase aos alumnos chegar a segunda hora, sempre que os discentes sexan avisados previamente polo profesor ausente ou por algún membro do equipo directivo. En caso de que os alumnos non asistan, os pais/nais ou titores legais deben xustificar a falta por **abalarMóbil**. Se acoden ao centro serán atendidos polo profesorado de garda.



Amoestacións

É imprescindible ter un comportamento correcto. As sancións que se teñan que aplicar polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador. Os docentes poderán corrixir as condutas contrarias ás normas de convivencia mediante: amoestacións privadas ou por escrito, comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos, realizacións de tarefas específicas, suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro, cambio de grupo por un prazo máximo dunha semana, suspensión do dereito de asistencia ao instituto por un espazo de tempo a determinar...

Aqueles alumnos que impidan o normal desenvolvemento da clase, serán enviados á Aula de Convivencia e os pais e/ou as nais serán informados.

Lembrámoslles que **non se poden ter móbiles e/ou outros aparatos electrónicos en todo o recinto escolar (incluídas as instalacións exteriores), salvo que o profesor indique o contrario nalgunha materia específica, e sempre baixo a supervisión do docente.**

Lembramos tamén que os menores de idade non poden abandonar o centro durante o horario lectivo.

Actividades complementarias e extraescolares

As **actividades complementarias**, son actividades programadas dentro do horario lectivo que tratan de enriquecer a formación escolar con propostas que saen do marco das aulas. Unhas son ofertadas polo Servizo Municipal de Educación, tales como visitas a museos e outros lugares de interese, concertos e proxeccións. Outras son promovidas polos Departamentos Didácticos do centro de acordo cos contidos curriculares. **Son de asistencia voluntaria, aínda que recomendable, e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra do centro**

Cando estas actividades se realicen dentro do centro, o/a titor/a informará mediante **espazo Abalar** ás familias sobre a temática das mesmas.

As **actividades extraescolares**, realizadas fora do horario lectivo, aprobadas polo Consello Escolar, axudan e complementan a formación do alumnado. **Son de asistencia voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores**

En todas estas actividades, os alumnos van acompañados dun profesor responsable cunha ratio de 20 alumnos por cada profesor/a. Cando a actividade extraescolar se realice fóra da localidade se solicitará unha autorización escrita dos pais, nais ou titores.



Departamento de Orientación

No centro existe un Departamento de Orientación dirixido pola profesora **Sara Fernández Louro** que ten como funcións, entre outras, orientar ao alumnado no proceso de aprendizaxe, especialmente ao alumnado que presenta dificultades na adquisición de coñecementos e problemas académicos, así como asesoramento na elección do seu futuro académico e profesional.

Igualmente **lembramos a importancia do hábito de estudo**. É imprescindible que todos os días realicen tarefas e estuden os contidos impartidos durante as horas de clase. É o único camiño para un bo rendemento académico. aconséllase tamén, de ser posible, ter sempre o mesmo lugar de estudo e un horario máis ou menos fixo de traballo (axuda á concentración).

Agradezo a súa colaboración.

Un cordial saúdo.

A Coruña, a 30 de setembro do 2024

O director

José Manuel Tallos Caldeiro

